

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DA
XUNTA DE GOBERNO
LOCAL DE DATA NOVE DE
MAIO DE DOUS MIL
DEZANOVE**

No salón vermello da Casa do Concello desta cidade, a **nove de maio de dous mil dezanove**. Baixo a Presidencia do **excelentísimo señor alcalde don Xulio Xosé Ferreiro Baamonde**, e coa asistencia das e dos **tenentes de alcalde dona María García Gómez, don Xiao Varela Gómez e dona Silvia Cameán Calvete**, así como das señoras **concelleiras dona María Rocío Fraga Sáenz e dona María Eugenia Vieito Blanco**, reuniuse, previa convocatoria regulamentariamente circulada, a Xunta de Goberno Local, co obxecto de realizar sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Asisten, así mesmo, don Miguel Iglesias Martínez, oficial maior, desempeñando a función do Órgano de Apoio á concelleira secretaria e á Xunta de Goberno Local, así como don Ángel David Murado Codesal, interventor xeral, don Juan Carlos Martínez Muñiz, director da Área de Apoio á Alcaldía e dona María José Macías Mourelle, xefa do Servizo de Asesoría Xurídica; en funcións de colaboración e asistencia.

Dá fe do acto a **concelleira-secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María Eugenia Vieito Blanco**.

Asisten tamén as concelleiras da oposición dona Rosa María Gallego

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DE
LA JUNTA DE GOBIERNO
LOCAL DE FECHA NUEVE DE
MAYO DE DOS MIL
DIECINUEVE**

*En el salón rojo de las Casas Consistoriales de esta ciudad, a **nueve de mayo de dos mil diecinueve**. Bajo la Presidencia del **excelentísimo señor alcalde don Xulio Xosé Ferreiro Baamonde**, y con la asistencia de las y los **tenientes de alcalde doña María García Gómez, don Xiao Varela Gómez y doña Silvia Cameán Calvete**, así como de las señoras **concejalas doña María Rocío Fraga Sáenz y doña María Eugenia Vieito Blanco**, se reunió, previa convocatoria reglamentariamente circulada, la Junta de Gobierno Local, al objeto de celebrar sesión extraordinaria en primera convocatoria.*

Asisten, asimismo, don Miguel Iglesias Martínez, oficial mayor, desempeñando la función del Órgano de Apoio a la concejala secretaria y a la Junta de Gobierno Local, así como don Ángel David Murado Codesal, interventor general, don Juan Carlos Martínez Muñiz, director del Área de Apoio a la Alcaldía y doña María José Macías Mourelle, jefa del Servicio de Asesoría Jurídica; en funciones de colaboración y asistencia.

*Da fe del acto la **concejala-secretaria de la Junta de Gobierno Local, doña María Eugenia Vieito Blanco**.*

Asisten también las concejalas de la oposición doña Rosa María Gallego

Neira (PP), dona Eudoxia Neira Fernández (PSOE) e dona Avia Veira González (BNG).

Desculpan á súa ausencia o tenente de alcalde don Alberto Lema Suárez e os señores e señora concelleiros e concelleira, don José Manuel Sande García, dona Claudia Delso Carreira e don Daniel Díaz Grandío.

Ás dez horas e seis minutos a Presidencia declara iniciada a sesión e pasa a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

REXENERACIÓN URBANA E DEREITO Á VIVENDA

Urbanismo

188.- Transmisión a Construcciones Masar-Forjados Rivera C.B do aproveitamento de 507,57m2 na parcela de resultado nº3 do POL H9.06 Antonio Ríos II, en execución de sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo nº3 da Coruña.

Previa deliberación, de conformidade co informe-proposta que consta no expediente e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, en canto serve de motivación ao mesmo, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

Neira (PP), doña Eudoxia Neira Fernández (PSOE) y doña Avia Veira González (BNG).

Disculpan su ausencia el teniente de alcalde don Alberto Lema Suárez y los señores y señora concejales y concejala, don José Manuel Sande García, doña Claudia Delso Carreira y don Daniel Díaz Grandío.

Siendo las diez horas y seis minutos la Presidencia declara abierta la sesión y pasa a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.

REGENERACIÓN URBANA Y DERECHO A LA VIVIENDA

Urbanismo

188.- Transmisión a Construcciones Masar-Forjados Rivera C.B del aprovechamiento de 507,57 m2 en la parcela de resultado nº3 del POL H9.06 Antonio Ríos II, en ejecución de sentencia del Juzgado Contencioso-Administrativo nº3 de A Coruña.

Previa deliberación, de conformidad con el informe-propuesta que consta en el expediente y del que se dará traslado, en todo caso, junto con la certificación/notificación del presente acuerdo, en cuanto sirve de motivación al mismo, de conformidad con el artículo 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, por unanimidad, en votación ordinaria, se acuerda:

Primeiro.- Transmitir a Construcciones Masar-Forjados Rivera C.B., o aproveitamento de 507,57 m² sinalados no informe de 23 de outubro de 2013, que teñen unha superficie de solo de 120,85 m²c e que están situados na parcela resultado nº3 do POL H9-06 “Antonio Ríos II”, en execución de sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo nº3 da Coruña (P.O. 0000127/2011).

A parcela que se transmite está inscrita no Rexistro da Propiedade nº 6 de A Coruña co número 10525, coa seguinte descrición: parcela de resultado 3 do polígono “Pol H9.06 Antonio Ríos II”, que ten unha superficie de cento vinte metros e oitenta e cinco decímetros cadrados que linda: Norte, parcela de resultado número 1 de “Proconta S.L.” e D. José Antonio Parceró López e D. Francisco López Cabado e parcela de resultado número 2 de “Lumieira S.L.”; Sur coa Rúa Cerca e límite exterior do polígono; Leste, parcela resultado nº2 de Lumieira S.L.; e Oeste, límite exterior do polígono. Referencia catastral 9103114NJ4090S0000BZ. Faise constar que na certificación catastral descriptiva e gráfica do 22 de abril de 2019 consta como titular da parcela número 2 Juan Subias Pujadas e no linde oeste o límite exterior do polígono corresponde a parcela con referencia catastral 9103107NJ4090S da Comunidade de Propietarios da rúa da Cerca número 8.

A parcela transmítese na súa totalidade.

Primero.- Transmitir la Construcciones Masar-Forjados Rivera C.B., el aprovechamiento de 507,57 m² señalados en el informe de 23 de octubre de 2013, que tienen una superficie de suelo de 120,85 m²c y que están situados en la parcela resultado nº3 del POL H9-06 “Antonio Ríos II”, en ejecución de sentencia del Juzgado Contencioso Administrativo nº3 de A Coruña (P.O. 0000127/2011).

La parcela que se transmite está inscrita en el Registro de la Propiedad nº 6 de A Coruña con el número 10525, con la siguiente descripción: parcela de resultado 3 del polígono “Pol H9.06 Antonio Ríos II”, que tiene una superficie de ciento veinte metros y ochenta y cinco decímetros cuadrados que linda: Norte, parcela de resultado número 1 de “Proconta S.L.” y D. José Antonio Parceró López y D. Francisco López Cabado y parcela de resultado número 2 de “Lumieira S.L.”; Sur con la Rúa Cerca y límite exterior del polígono; Este, parcela resultado nº2 de Lumieira S.L.; y Oeste, límite exterior del polígono. Referencia catastral 9103114NJ4090S0000BZ. Se hace constar que en la certificación catastral descriptiva y gráfica de 22 de abril de 2019 consta como titular de la parcela número 2 Juan Subias Pujadas y en el linde oeste el límite exterior del polígono corresponde la parcela con referencia catastral 9103107NJ4090S de la Comunidad de Propietarios de la calle de la Cerca número 8.

La parcela se transmite en su totalidad.

Segundo.- Requerir a comparecencia dos representantes legais de Construcciones Masar-Forjados Rivera C.B. no Departamento de Xestión do Solo do Servizo de Urbanismo, sito na Praza de Indalecio Prieto s/n desta cidade aos efectos de asinar o acta de transmisión da parcela resultado nº3 do Polígono “Antonio Ríos II”.

Terceiro.- Facultar ao Tenente de Alcalde do Área de Rexeneración Urbana, Dereito á Vivenda e Mobilidade Sostible para asinar o acta de transmisión da parcela obxecto deste informe.

189.- Aprobación da adquisición do inmovible e as instalacións obxecto da concesión demanial do clube social e o aparcadoiro da Fábrica de Armas e materializar o exercicio da opción de compra polo prezo de 1.000.000 €.

Previa deliberación, de conformidade co informe–proposta que consta no expediente e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, en canto serve de motivación ao mesmo, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

Primeiro.- Aprobar a adquisición do inmovible e as instalacións obxecto da concesión demanial e materializar o exercicio da opción de compra polo prezo dun millón de euros

Segundo.- Requerir la comparecencia de los representantes legales de Construcciones Masar-Forjados Rivera C.B. en el Departamento de Gestión del Suelo del Servicio de Urbanismo, sito en la Plaza de Indalecio Prieto s/n de esta ciudad a los efectos de firmar el acta de transmisión de la parcela resultado nº3 del Polígono “Antonio Ríos II”.

Terceiro.- Facultar al Teniente de Alcalde del Área de Regeneración Urbana, Derecho a la Vivienda y Movilidad Sostenible para firmar el acta de transmisión de la parcela objeto de este informe.

189.- Aprobación de la adquisición del inmueble y las instalaciones objeto de la concesión demanial del club social y el aparcamiento de la Fábrica de Armas y materializar el ejercicio de la opción de compra por el precio de 1.000.000 €.

Previa deliberación, de conformidad con el informe–propuesta que consta en el expediente y del que se dará traslado, en todo caso, junto con la certificación/notificación del presente acuerdo, en cuanto sirve de motivación al mismo, de conformidad con el artículo 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, por unanimidad, en votación ordinaria, se acuerda:

Primero.- Aprobar la adquisición del inmueble y las instalaciones objeto de la concesión demanial y materializar el ejercicio de la opción de compra por el precio de

(1.000.000€). O pagamento do prezo realizarase mediante ingreso na conta bancaria que se determine pola Dirección Xeral de Infraestruturas do Ministerio de Defensa, requiríndoo expresamente mediante este acordo para que realice a designación da dita conta bancaria e acredite ter efectuado a desafectación do inmovible e a súa inscrición como finca rexistral independente.

Segundo.- Fixar o prezo da adquisición do inmovible e as instalacións nun millón de euros (1.000.000€), de acordo coa Condición particular Novena da Resolución de 20 de xuño de 2014.

Terceiro.- Autorizar e dispoñer un gasto por importe dun millón de euros (1.000.000€), que se abonará ao Ministerio de Defensa CIF: S2830001J con cargo á partida orzamentaria 30.342.609 00 17 co código de proxecto 2017.2.30.18.

Cuarto.- Aprobar o outorgamento do contrato de compravenda e a súa elevación a escritura pública ante notario e facultar ao Alcalde ou Concelleiro en quen delegue para asinar a formalización do contrato e a súa elevación a escritura pública, cando se acredite a desafectación e inscrición como finca rexistral independente.

Quinto.- Notificar á Dirección Xeral de Infraestruturas do Ministerio de Defensa o presente acordo e publicar o mesmo no Boletín Oficial da Provincia.

un millón de euros (1.000.000€). El pago del precio se realizará mediante ingreso en la cuenta bancaria que se determine por la Dirección General de Infraestructuras del Ministerio de Defensa, requiriéndolo expresamente mediante este acuerdo para que realice la designación de dicha cuenta bancaria y acredite haber efectuado la desafectación del inmueble y su inscripción como finca registral independiente.

Segundo.- Fijar el precio de la adquisición del inmueble y las instalaciones en un millón de euros (1.000.000€), de acuerdo con la Condición particular Novena de la Resolución de 20 de junio de 2014.

Tercero.- Autorizar y disponer un gasto por importe de un millón de euros (1.000.000€), que se abonará al Ministerio de Defensa CIF: S2830001J con cargo a la partida presupuestaria 30.342.609 00 17 con el código de proyecto 2017.2.30.18.

Cuarto.- Aprobar el otorgamiento del contrato de compraventa y su elevación a escritura pública ante notario y facultar al Alcalde o Concejaleiro en quien delegue para firmar la formalización del contrato y su elevación a escritura pública, cuando se acredite la desafectación e inscripción como finca registral independiente.

Quinto.- Notificar a la Dirección General de Infraestructuras del Ministerio de Defensa el presente acuerdo y publicar el mismo en el Boletín Oficial de la Provincia.

Sexto.- Levar a cabo as modificacións oportunas no Inventario Municipal de Bens Inmóbeles e inscribir no Rexistro da Propiedade o dereito de dominio do inmóbel e as instalacións obtidas.

Ao non haber máis asuntos que tratar, e ás dez horas e nove minutos a Presidencia remata a sesión e redáctase a presente acta que asinan e autorizan a Alcaldía e a concelleira-secretaria da Xunta de Goberno Local; todo iso de acordo co disposto no artigo 126.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Sexto.- Llevar a cabo las modificaciones oportunas en el Inventario Municipal de Bienes Inmuebles e inscribir en el Registro de la Propiedad el derecho de dominio del inmueble y las instalaciones obtenidas.

No habiendo más asuntos que tratar, y siendo las diez horas y nueve minutos, la Presidencia levanta la sesión, redactándose la presente acta que firman y autorizan la Alcaldía y la concejala-secretaria de la Junta de Gobierno Local; todo ello de conformidad con lo dispuesto en el artículo 126.4 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local.